



O correo electrónico do Parlamento de Galicia incorpora o dominio PuntoGal

- Desde este martes, todos os correos electrónicos do Parlamento se envían por defecto desde o dominio parlamentodegalicia.gal
- O Parlamento de Galicia foi unha das institución pioneiras na activación do dominio PuntoGal para a súa web o pasado 25 de xullo

Santiago, 3 de xuño de 2015.- Todos os correos electrónicos enviados desde as contas oficiais do Parlamento de Galicia – deputados e deputadas, grupos parlamentarios e persoal ao servizo da Administración parlamentaria- son remitidos por defecto, desde este martes, desde o dominio parlamentodegalicia.gal.

A presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, informou desta decisión na reunión da Mesa e da Xunta de Portavoces do Parlamento celebrada onte. A medida constitúe un paso máis na implantación do dominio PuntoGal, propio de Galicia, que outorga visibilidade e proxección en Internet.

O Parlamento de Galicia foi unha das institucións pioneiras na activación do dominio PuntoGal na súa web o pasado 25 de xullo, que desde entón tamén é accesible a través dos enderezos www.parlamento.gal e www.parlamentodegalicia.gal.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.